

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)


CERTIFICA:

Primeiro.- Que segundo a documentación obrante na Secretaría, o Concello de Teo é propietario da finca número 1.862 do Plano de Concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende (finca 34576), de 4.822 m², localizada en A Ramallosa. O citado inmovible atópase inscrito no Rexistro da Propiedade de Padrón no Tomo 865, libro 324, folio 163.

Segundo.- Mediante Decreto da Alcaldía do 31 de agosto de 2022 (nº 1110) resolveuse adquirir a D.^a María José Loureiro Vales, con DNI ***7061**, 5.635 m² da parcela 1861 do polígono 8 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende (finca 34574), sita na Ramallosa, superficie que se corresponde coa parte da parcela clasificada como solo rústico de especial protección forestal (R-3), e cuxa innecesiedade de licenza de segregación foi declarada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 4 de abril de 2022.

Terceiro.- Mediante o Decreto citado resolveuse así mesmo constituír unha servidume de paso de 4 metros de ancho no resto da parcela resultante da segregación da 1861, para o acceso á mesma, para todo tipo de vehículos, situada no extremo norte da finca segregada ao longo das extremas coas fincas 1869 e 1867, que será debidamente acondicionada polo Concello. Este dereito de servidume de paso eliminarase unha vez se desenvolva o Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-13) no que se enclava o resto da finca matriz.

Incorpórase á presente un plano no que se reflicte a servidume referida.



Cuarto.- De acordo co previsto na cláusula 9 do Prego de condicións que rexeu a adquisición dos 5.635 m² da parcela 1861 do polígono 8 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende (finca 34574), a adquisición produciuse libre de cargas e gravames e ao corrente de todas as taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas, sen prexuízo do establecido na citada cláusula en relación á:

- Constitución dunha servidume de paso, conforme se recolle no presente.
- Dereito de D.^a M^a José Loureiro Vales á tala das especies arbóreas existentes na finca transmitida, aínda que esta se realice con posterioridade á escritura pública de compravenda, sempre que teña lugar antes do 31 de decembro de 2022 e, en todo caso, antes da posta a disposición da Consellería dos terreos para a construción do centro de saúde.

Quinto.- A adquisición referida no presente formalizouse o 13 de outubro de 2022 en escritura pública outorgada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Carlos Lapido Alonso, co numero mil setecentos noventa e sete do seu protocolo.

E para que conste, e asino a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral,

Vº e praxe

O alcalde,

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira